

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.




<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2015


DENDE A
BIBLIOTECA
“PAULA
CARBALLEIRA”



MAMASES, PAPASES, AVOAS,
AVÓS, PROF@S e demais adult@s:

PENSANDO
“**NESA**”
CARTA ...

...que tod@s
desexades escribir ...




...queremos, un ano mais, propoñervos a palabra coma agasallo. Lecturas para disfrutar, compartir, agasallar, prestar, intercambiar, traficar, pasar en "herdo". Lembrade buscar un tempinho para acompañar nestas datas ás vosas fillas e fillos, net@s, sobriñ@s, a algunha librería, a mirar libros, deixarlles escoller, aconsellar@s, animal@s a pedir algún. A lectura é sempre benéfica. E se é compartida con quen máis lles quere, multiplica os seus efectos!!!

[MAMASES, PAPASES, AVOAS, AVÓS, PROF@S e demais adult@s:](#)

- **Romaría de historias-X.Neira Vilas-Galaxia:** Boa ocasión para achegarse a unha obra definida polo propio autor coma novela de retrincos. Chea de retranscricións, realidade e mitos. De vida e morte. Un último agasallo deste grande autor, tralo seu pasamento.



- **Machismos:de micro, nada-VVAA:**Peças curtas de vari@s autor@s que nos achegan dende diferentes perspectivas a un tema aínda lonxe de ser historia.



- **Os elefantes de Sokúrov-A.Riveiro Coello-Galaxia:** A vida cotiá de Janis, nunha Compostela recoñecíbel, dá un xiro ao achegarse a Constantino. A infancia dunha e outro pasarán polas páxinas da novela, desvelando algún misterio. Outras personaxes acompañarán a Janis na súa procura. Nunha fermosa linguaxe.

- **O último día de Terranova-Manuel Rivas-Xerais:** Terranova é unha librería a piques do desfiuzamento. A memoria de tres xeracións e de dous fascismos distintos percorren a historia.



- **Poemas escollidos-Manuel María-Fundación MM:** Ordenados por orde cronolóxica de escrita e non de edición, selección para facer un percorrido polos versos do autor a quen se adican o 17 de maio do 2016. Tamén o libro_CD **Uxía canta a Manuel María.**



- **The Tambourine Man-Xabier Díaz e Adufeiras do Salitre:** Último disco de Xabier, aquel neno de S.Valentín, hoxe, un dos imprescindíbeis na nosa música.

- **Tocadiscos-Zidrou/Beuchot-Norma:** Un grande violinista europeo ve trastocada a súa concepción da música cando coñece a Tocadiscos, no Congo. Historia en viñetas.

